

Imos ao  
**TEATRO!!**



A Fundación Meniños e a Fundación CEO  
invítante a disfrutar da obra  
**"Gorentosadas",**  
un teatro pensado para educar

O Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei

A Aula de Teatro do IES de Melide, Teiroa Teatro

A Aula de Teatro do CPI de Touro

E Avelaiñas Teatro, do IES Antón Losada da Estrada

presentan...

# GORENTOSADAS

TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE  
27 DE FEBREIRO

12h30, función escolar  
20h30, público xeral

➤ **Entrada: 2 euros**

A recadación  
destinarase integramente  
á ONG Fundación Meniños






Teatro Principal



La Fundación CEO con la sociedad



## SINOPSE:

- ◉ **Gorentosadas** convida ao espectador a entrar no mundo da creatividade, do xogo, da cor, da risa, da ledicia... como elementos esenciais sobre os que vai medrando a aprendizaxe das personaxes que transitan polas historias deste espectáculo.
- ◉ A través dun traballo interpretativo coral, que combina linguaxe corporal, física e verbal, producírase sobre o escenario unha reflexión intensa sobre unha chea de temáticas actuais: a ecoloxía, o poder dos medios de comunicación, o poder da estética, o papel da muller na sociedade actual... Serán varias propostas escénicas ensambladas coma un delicado mecanismo de relaxería: mimadas até o máis mínimo detalle para conseguir que quen veña ver a obra transite polos carreiros da emoción, da sorpresa e da fantasía.
- ◉ Trátase dunha obra ategada de luz, movemento, son, cor... Dedicada a aqueles e aquelas que non teñen voz. rotagonizada por adolescentes que principian.

## Motivos para asistir:

**UN.-** É estreo mundial, un privilexio que podemos anotar no noso diario. Non todos os días asistimos a un evento desta categoría.

**DOUS.-** Os diálogos, vestiario, atrezzo son inéditos, planificados, deseñados, executados por esta singular Compañía...

**TRES.-** Todo o que veremos é o resultado do traballo de varios grupos diferentes de nenos, nenas e adolescentes, que traballan de forma paralela e converxen no escenario. Todo un exemplo de como deberíamos actuar as persoas adultas, e que sempre provoca mellores resultados na vida.

**CATRO.-** Participan alumnos e alumnas de integración, demostrando de xeito contundente que todos podemos enriquecer o mundo no que nos movemos. Toda unha lección.

**CINCO.-** As obras de teatro son divertidas, ocorrentes, modernas e tamén cuestionadoras e revolucionarias.

E os actores e actrices e os seus diálogos teñen moita calidade e mensaxes para aprender e pensar todos e todas.

*E todo isto con prezo anti-crise: 2 euros*

A obra representarase o próximo:  
**27 de febreiro** no Teatro Principal de Ourense.

A primeira sesión será ás 12:30 horas destinada escolares. **Para o público xeral** será ás 20:30 horas.

**Prezo das entradas: 2 euros** (tamén haberá fila CERO)

**Reserva de entradas (para asistir / ou fila CERO):**  
988 391 110 (a/a Verónica Casar)  
ou enviando un email a [fundacion.ceo@ceo.es](mailto:fundacion.ceo@ceo.es)

## Máis información:

988 39 11 10 (preguntar por *Fina Martínez*)

O importe íntegro das entradas destinarase a sufragar os programas desenvolvidos pola Fundación Meniños a favor dos nenos e nenas (e as súas familias) máis desfavorecidos.



La Fundación CEO con la sociedad



Teatro Principal



Esta ONG, de orixe galega, fundada en 1996, desenvolve numerosos programas de intervención familiar en Galicia, Asturias, Madrid... Todas as liñas de actuación despregadas comparten o obxectivo de tratar de garantir que se cumpra o dereito de todos os nenos e nenas a vivir nunha familia e en condicións plenas de seguridade e afecto. Ademais, **Meninos** desenvolve propostas educativas en 814 colexios con preto de 93 mil nenos e nenas e adolescentes e con case seis mil educadores nas comunidades onde ten incidencia.

A ONG entregará material informativo aos asistentes antes da representación para que poidan coñecer máis polo miúdo o traballo que realiza.

[www.meninos.org/](http://www.meninos.org/)  
[www.mundodemilu.org](http://www.mundodemilu.org)

**igrazas por colaborar!**